

**Convocatoria:** FONL – Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos, durante o ano 2015

**Código de expediente:** 2014990006269

**Entidade:** Concello de Ames

**NIF:** P1500200 I

**Representante da entidade:** José M. Miñones Conde

**NIF da persoa representante da entidade:** 44 808 588 B

**Obxecto da solicitude:** Mantemento do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames

**Nome da persoa que elabora a memoria:** Rosa Moreiras Cuñarro

**Titulación da persoa que elabora a memoria:** Licenciada en Filoloxía Hispánica. Sección Galego Portugués

**Posto da persoa que elabora a memoria:** Técnica de Normalización Lingüística

**Temporización:** Ano 2015

**Ámbito territorial:** Concello de Ames

## 1. FINALIDADE DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

O Servizo de Normalización Lingüística é un departamento técnico inserido na propia administración que ten como obxectivo principal incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en todos os ámbitos municipais mediante actuacións que garantan unha maior proxección e visibilidade da lingua galega en todo o territorio municipal, na acción destinada ao conxunto da sociedade e no ámbito administrativo.

## 2. FUNCIÓNS DESENVOLVIDAS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE AMES

As funcións que realiza o Servizo de Normalización Lingüística pódense agrupar, a groso modo, en tres campos básicos: asesoramento, formación e dinamización.

A seguir describimos máis polo miúdo as funcións concretas que se están a desenvolver en cada un deses tres eidos.

### 2.1 ASESORAMENTO SOCIOLINGÜÍSTICO:

- Asesorar a Administración local amesá en todo o relacionado coa política lingüística.
- Facer seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto, velar para que se lle garantan os dereito lingüísticos á cidadanía.
- Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método, etc., de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións do Concello de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.
- Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencias, etc., de accións do Concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega

- Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos das persoas aspirantes.
- Asesoramento (socio) lingüístico para todos os veciños e veciñas (particulares, empresas, asociacións etc) e para o persoal do concello.
- Revisar e validar lingüísticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios impresos, publicacións etc) para garantir a calidade lingüística e comunicativa da Administración local e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.
- Definir e propoñer criterios lingüísticos para a organización.
- Recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos diferentes departamentos
- Resolución de consultas lingüísticas e sociolingüísticas.
- Asesoramento sobre lexislación e dereitos lingüísticos.
- Información sobre liñas de axuda dirixidas á rede asociativa, educativa e empresarial para normalizar o uso do galego.

## 2.2 FORMACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da administración como para os diferentes sectores sociais.
- Desenvolver accións formativas (xerais e específicas) que teñan por obxecto contribuír á

normalización lingüística, segundo a planificación e as necesidades específicas do Concello de Ames.

- Difundir materiais que faciliten o traballo diario e contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
- Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora das actitudes lingüísticas.

### 2.3 DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

- Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade
- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade seguindo as directrices de política lingüística do organismo.
- Propoñer programas dinamizadores e accións concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso e prestixio da lingua galega, e que a impliquen no proceso normalizador.
- Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil, etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.
- Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.
- Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.
- Promover actuacións encamiñadas a dinamizar o uso do galego nas actividades cotiás da cidadanía en todos os ámbitos, prestándolle atención especial á mocidade e ao empresariado, como eixes claves na normalización lingüística.

- Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien o persoal da propia Administración e/ou á sociedade respecto do uso da lingua galega.
- Planificar e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo, empresarial, etc.
- Participación activa na execución do PXNLG, especialmente nas medidas previstas para o sector da Administración local.
- Apoiar e difundir as accións dinamizadoras desenvolvidas pola Deputación da Coruña.
- Coordinación coa Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia e coa Deputación para planificar, xestionar, executar e avaliar accións de fomento do uso do galego de acordo cos criterios e as pautas de traballo establecidas pola coordinación técnica da propia Rede (RDLG) e da Deputación da Coruña

### **3. ACTIVIDADES REALIZADAS E TEMPORIZACIÓN**

A seguir imos ir detallar algunhas das actividades realizadas desde o SNL do Concello de Ames no ano 2015, agrupándoas nos tres eidos descritos anteriormente: asesoramento, formación e dinamización.

#### **3.1. ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO E SOCIOLINGÜÍSTICO:**

- Corrección de textos elaborados polo persoal do Concello.
- Supervisión dos textos publicados na páxina web do Concello de Ames.

- Supervisión da cartelaría e das publicacións editadas polo Concello de Ames.
  
- Traducións breves solicitadas por persoas e entidades alleas á Administración municipal e pola a propia Administración local, sempre e cando estean debidamente motivadas e xustificadas. A tradución de textos administrativos é só unha actividade excepcional, moi puntual e motivada, dado que, todo persoal da Administración galega ten obriga legal de realizar o seu traballo en galego e, polo tanto, a tradución non é unha tarefa central do SNL.
  
- Corrección e supervisión de textos breves de asociacións, empresas ou particulares empadroados/as no Concello de Ames.
  
- Asesoramento á cidadanía sobre diferentes temas relacionados co uso da lingua:
  - galeguización do nome e restauración de apelidos
  - certificacións de lingua galega
  - validacións de estudos por certificados de lingua galega
  - probos de lingua galega para a obtención dos Celgas
  - axudas e subvencións para promover o uso da lingua
  - ....
  
- Información a asociacións e outros colectivos sobre posibles axudas para o incremento do galego.
  
- Asesoramento á Administración sobre cuestións relativas á lexislación e á normalización lingüística.

**TEMPORIZACIÓN:** As actividades de asesoramento desenvolvéronse ao longo de **todo ano 2015**, segundo demanda dos usuarios e usuarias.

### **3.2 . FORMACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA**

#### **DIFUSIÓN E INFORMACIÓN SOBRE OS CURSOS DE LINGUA GALEGA PARA ADULTOS (CELGA) E SOBRE AS PROBAS DE ACREDITACIÓN**

O SNL do Concello de Ames difundiu e informou sobre as convocatorias dos Cursos Celga e sobre as probas de acreditación do ano 2015.

**TEMPORIZACIÓN: TODO O ANO 2015**

#### **DIFUSIÓN DE CONVOCATORIAS DE FORMACIÓN LINGÜÍSTICA**

Información ao persoal do Concello e a calquera persoa que o demandar sobre convocatorias de formación en lingua galega, xeral ou específica) organizadas por outras administracións ou organismos (SXPL, EGAP, Escolas Oficiais de Idiomas, Deputación da Coruña, sindicatos...)

**TEMPORIZACIÓN: TODO O ANO 2015**

#### **EN GALEGO, CO TEU ACENTO! OBRADOIROS DE LINGUA E CULTURA PARA PERSOAS PROCEDENTES DE FÓRA DE GALICIA.**

Obradoiros de 30 horas de duración impartidos polo persoal técnico do SNL nos que se adquiren nocións básicas de lingua e cultura galegas que para contribuír á cohesión social e á integración das persoas procedentes de fóra de Galicia e que serven de paso previo á participación nos cursos oficiais e á obtención dos certificados oficiais de lingua galega.

En 2015 realizouse un obradoiros no Milladoiro, con 25 persoas asistentes.

As persoas participantes achegáronse á lingua e á cultura progresivamente, nun proceso que pasa pola adquisición de coñecementos a partir do traballo en equipo e da realización conxunta de actividades prácticas coas que se busca a toma de contacto co idioma. Foi unha actividade basicamente práctica cuns mínimos contidos teóricos.

A actividade ten os seguintes **obxectivos**:

- Proporcionar nocións básicas para a comprensión e a expresión oral e escrita da lingua galega. Fomentar o achegamento á cultura e a historia de Galicia.
- Coñecer Ames, as infraestruturas e os servizos que ofrece a institución municipal.
- Promover a cohesión social a través da lingua e a integración na sociedade galega e amiense.
- Pór en valor a multiculturalidade de Ames e promover o intercambio cultural

Como prolongación deste obradoiro as persoas asistentes seguen participando activamente en actividades do Servizo de Normalización Lingüística e teñen previsto continuar a súa formación en lingua galega nos cursos Celga.

Ademais, ao rematar o obradoiro, desde o Concello de Ames facilitóuselles ás persoas participantes no obradoiro interesadas o acceso a un local municipal no que seguiron xuntándose e puxéronse en práctica, como experiencia piloto, varias sesións de intercambio cultural e lingüístico (portugués-galego) cunha persoa voluntaria que ofrecía formación en galego a cambio de formación en portugués.

#### **TEMPORIZACIÓN:**

- **Obradoiro do lingua e cultura: do 11 de novembro ao 23 de decembro**
- **Intercambio galego-portugués: febreiro-marzo 2016**



### **3.3 DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA**

#### **3.3.1. Actividades dirixidas á cidadanía en xeral:**

#### **MES DE ROSALÍA CASTRO**

Durante o mes de febreiro realizáronse diferentes actividades coa finalidade de poñer en valor, de promover e de difundir a figura e a obra de Rosalía de Castro, aproveitando o especial vínculo que a autora ten coa comarca da Maía e co Concello de Ames.

#### **-DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO/ACTO POÉTICO MUSICAL**

O martes, 24 de febreiro de 2015, celebrouse un acto participativo para conmemorar o día de Rosalía de Castro, na Casa da Cultura do Milladoiro co **obxectivo** de promover e difundir a figura e a obra de Rosalía de Castro, ao tempo que se potencia socialmente o uso da lingua.

Nesta actividade poético-musical, a música estivo a cargo do grupo do cantautor Amancio Prada.

Ademais, nenos e nenas xunto con mozas e mozos dos diferentes centros de ensino do concello, persoas de varias asociacións, participantes nos obradoiros de lingua e cultura e escritores amesáns puxéronlles voz poemas de Rosalía.

Asistiron ao acto unhas 250 persoas.

#### **-EXCURSIÓN Á CASA DE ROSALÍA**

No mes de maio realizouse unha excursión na que se visitou a casa de Ortoño (Ames) na que viviu Rosalía parte da súa infancia e a Casa da Matanza en Padrón. Nesta actividade participaron 40 persoas

#### **TEMPORIZACIÓN: FEBREIRO 2015**

## LITERATURA NA PRAZA

Acto conmemorativo do Día do Libro en Ames que ten como **obxectivos principais:**

1. Fomento da creatividade e dos produtos culturais en lingua galega como xeito de promover a normalización lingüística.
2. Fomento do libro e da lectura dun xeito lúdico e atractivo.
3. Asociar a lectura a unha actividade de divertimento e de ocio.
4. Sacar os libros do seu ámbito máis habitual para achegalos aos lectores.
5. Converter a lectura nun acto social e de socialización.
6. Difundir o Certame Literario Concello de Ames e os traballos gañadores no dito certame.

Celebrouse o 18 de abril de 2016 na Praza do Concello de Bertamiráns e dentro do programa tiveron cabida as seguintes **actividades:**

**- Actuacións musicais:**

- Música tradicional: Os Castros
- Música infantil: Magín Blanco, *A nena e o grilo*

**-Teatro de rúa:** Os Quinquilláns, *Porque é salgada a auga do mar*

**-Presentacións literarias:**

- Libro cos textos gañadores no *Certame XI Literario Concello de Ames*
- Boca de Gárgola*, da escritora amesá Mariña Pérez Rei

**-Obradoiro para nenos e nenas:**

- Deseño e decoración de letras con materiais de reciclaxe

-Solta de libros

-Intercambio de libros (intercambiáronse máis de 100 libros)

-Recanto da lectura dedicado aos autores/as máis representativos de 2015

-Exposición e venda de libros (Libraría Lenda, Boas e Novas, Nenos Nais e Follas Novas)

Rexistrouse unha alta participación en todas as actividades e a Praza do Concello estivo ateigada de xente toda a tarde.

**TEMPORIZACIÓN: ABRIL 2015**

### **XI CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES**

No Certame Literario Concello de Ames ten cabida tanto a prosa coma o verso e estrutúrase en tres categorías segundo a idade dos participantes (achéganse as bases no anexo I). En 2015 celebrouse a duodécima edición do concurso. Recibíronse **105 traballos** procedentes de moi diferentes puntos de Galicia e do Estado español. O certame ten 18 premios, tres en cada unha das categorías e modalidades. Nesta edición o xurado encargado de seleccionalos estivo formado por Alfredo Conde, Mar Fernández Vázquez e Mariña Pérez Rei.

Os **obxectivos** básicos desta convocatoria son: fomentar a creatividade en galego, prestixiar o idioma e dar a coñecer Ames vinculando a imaxe do concello á promoción da cultura.

O certame desenvólvese entre os meses de febreiro, marzo, abril e maio. Os 18 traballos premiados editáronse nun libro antolóxico que se presentou en abril de 2016.

**TEMPORIZACIÓN: FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO 2015**

## LETRAS GALEGAS 2015

As letras galegas no Concello de Ames conmemoráronse con diferentes actos ao longo do mes de maio:

-**Exposición** na Casa da Cultura do Milladoiro sobre a vida e a obra de Xosé Filgueira Valverde, o autor homenaxeado en 2015. Permaneceu durante todo o mes de maio.

-**Acto literario-musical do Día das Letras Galegas** (16 de maio, ás 20.00 h na Casa da Cultura do Milladoiro). Neste acto entregáronse os premios dos dous certames literarios do concello. Da parte musical encargouse a Escola de Música Municipal

Participaron **200 persoas**.

### TEMPORIZACIÓN: MAIO 2015

#### 3.3.2. Actividades dirixidas á poboación máis nova

### ACTIVIDADES EN COORDINACIÓN COA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En colaboración e co patrocinio da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia ou da Deputación da Coruña desenvolvéronse diferentes actividades co **obxectivo xeral** de dinamizar o uso do galego entre a poboación máis nova:

-Concerto infantil: **Uxía**, *A cantar con María Fumaça*. Público familiar. Casa da Cultura do Milladoiro, 2 de xaneiro de 2015, ás 18.00 h. Asistencia: 165 persoas

Programa: Falaredes da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia

-Concerto: **Xoán Curiel**, *Estamos no verán*. Público xuvenil e familiar. Pazo da Peregrina de

Bertamiráns, 3 de xullo de 2015 ás 18.00 Asistencia: 150 persoas

Programa: Falaredes da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia

-Teatro: **Elefante Elegante**, *Encontro dos Axóuxeres* Público familiar (0-6 anos). Casa da Cultura do Milladoiro, 25 de setembro de 2015, ás 18.00 h. Asistencia: 165 persoas

Programa: Falaredes da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia

-Actuación teatral: **Os Bolechas**. Público familiar.

\*Casa da Cultura de Bertamiráns, 13 de setembro de 2015, ás 12.00 h. Asistencia: 216 persoas.

\*Casa da Cultura do Milladoiro, 25 de setembro de 2015, ás 12.00 h. Asistencia: 165 persoas

Actividade patrociniada pola Deputación da Coruña

## TEMPORIZACIÓN: TODO O ANO 2015

### CERTAME DE DEBATE: CLUB DE DEBATE 2015

O Club de Debate é un programa cooperativo de promoción do uso da lingua entre a mocidade posto en marcha por varios concellos e coordinado polos SNL. No ano 2015 desenvolveuse a cuarta edición organizada conxuntamente e nela participaron os concellos de Ames, Carballo, O Carballiño, Ferrol, Negreira, Pontevedra, Rois, Santiago de Compostela e Teo. Cóntase coa colaboración dos centros de ensino de secundaria que queren participar.

Diríxese a un dos sectores estratéxicos no proceso de normalización da nosa lingua, a mocidade, e faino co **obxectivo xeral** de impulsar o uso da lingua galega cunha visión moderna, afable e útil desta e reforzando a súa estima. Procura activar o uso oral do idioma en contextos formais (os propios debates) e informais (a convivencia entre os participantes durante todo o desenvolvemento da actividade).

Os mozos e mozas participantes traballan principalmente as habilidades comunicativas e a

*Os datos persoais recollidos trátanse conforme co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección da datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.*

oratoria ademais de desenvolver un proceso de documentación sobre os temas dos debates que lles permite afondar en cuestións transversais como o fomento do pensamento crítico, da tolerancia fronte á diversidade de opinións e o traballo en equipo.

Desenvólvese como un torneo por equipos en diferentes fases (fases de zona e fase final) en que os participantes teñen que defender, por quendas, a posición favorable e contraria sobre o tema proposto consonte unhas regras de funcionamento previamente establecidas.

Os grupos participan en nome do seu centro escolar e deben estar formados por entre 4 e 10 membros de 3º, 4º de ESO ou 1º de bacharelato. Cada equipo está dirixido por un/unha preparador/a, papel que lle corresponde a un profesor ou profesora do seu centro.

A edición do Club de Debate de 2015 contou con **23 equipos inscritos con máis de 200 mozos e mozas** e 25 preparadores/as.

Todos estes equipos pasaron por unha xornada formativa na súa zona de competición. Esta xornada, ademais de favorecer a interacción entre os e as participantes, serve para achegarlles claves sobre a preparación da actividade (documentación, oratoria, linguaxe non verbal, traballo en equipo...), familiarizalos coa dinámica de funcionamento do certame (normas, tempos, estrutura...) e favorecer a posta en situación por parte dos membros dos equipos.

As fases de zona organízanse en función do número de equipos inscritos en cada un dos concellos. Nesta edición establecéronse 4 fases de zona e nelas selecciónanse os dous equipos da zona que pasan á fase final. A fase final contou, xa que logo, con oito equipos, dous por cada unha das catro zonas establecidas:

- Ames, Rois, Santiago de Compostela e Teo.
- Pontevedra e o Carballiño
- Ferrol, Carballo e Negreira

Os dous equipos campións de cada zona recibiron como premio, ademais do pase á final, material cultural valorado en 500 euros, o primeiro, e 300 euros, o segundo.

A fase final celebrouse o 26 de abril en Carballo. O tema escollido para a final foi “Herdamos o galego, temos que transmitilo”.

O equipo que logrou o premio final participou nunha viaxe multiaventura dunha fin de semana para un máximo de 20 persoas a un espazo de interese natural e cultural. Nesta edición o premio final foi unha viaxe á comarca Chaves e ao Parque Penaventura,

Nesta edición O Concello de Ames integrouse na mesma zona de competición que os concellos de Teo, Rois e Compostela. Os responsables de Normalización dos cinco concellos mencionados, seguindo un criterio de rotación, elixiron o Concello de Rois como sede da xornada de formación dos equipos desta zona e o Concello Ames como sede da fase clasificatoria.

A xornada de formación, na que participa todo o alumnado inscrito na actividade tivo lugar no Edificio Multiusos dos Dices (Rois) o 23 de xaneiro de 2015.

A fase clasificatoria celebrouse o día 27 de febreiro na Casa da Cultura de Bertamiráns e foi aberta ao público. O tema escollido para o debate foi o seguinte: *A industria cultural galega ten pouca conexión coa sociedade.*

O Concello de Ames participou con cinco equipos, 4 procedentes do IES de Ames e 1 procedente do IES do Milladoiro.

#### **TEMPORIZACIÓN: XANEIRO-MAIO 2015**

### **CERTAME ARTÍSTICO-LITERARIO INTERCENTROS CONCELLO DE AMES**

O Certame artístico-literario intercentros Concello de Ames ten como destinatario o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria dos centros de ensino do Concello.

Nesta edición, a temática xirou arredor da importancia e da responsabilidade de termos unha

lingua propia que nos identifica como galegos e galegas. O alumnado participante presentou un texto ilustrado, en prosa ou en verso, protagonizado **por unha nena ou un neno que un día, ao espertar, descobre que lle desapareceron as palabras.**

A actividade realízase en colaboración cos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros escolares.

Os obxectivos do certame son:

1. Dinamizar o uso do galego entre os máis novos en xeral e nos centros de ensino en particular.
2. Fomentar a creatividade en lingua galega.
3. Fomentar a reflexión sociolingüística entre a rapazada e as familias como xeito de implicar este colectivo no proceso de normalización do noso idioma.

Despois da selección previa realizada nos centros de ensino, recibimos no Servizo de Normalización lingüística **60 traballos** procedentes dos diferentes colexios do concello.

## TEMPORIZACIÓN: FEBREIRO-MAIO 2015

### DESATA A LINGUA!, CONCURSO RADIOFÓNICO DE TEATRO LIDO DE AMES

O Concurso Radiofónico de Teatro Lido pretende dinamizar o uso do galego entre a mocidade amesá a través da reflexión colectiva e da creatividade. Intenta, ademais, fomentar o gusto polo teatro entre a mocidade e o achegamento á radio municipal. Achéganse as bases no anexo.

Os seus obxectivos específicos son os seguintes:

1. Estimular actitudes favorables que se traduzan nun aumento do uso consciente do idioma e que axuden a superar vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.
2. Fomentar a creatividade en galego.



3. Fomentar a capacidade de análise da realidade de forma crítica e reflexiva.
4. Dinamizar o uso do galego entre a mocidade amesá a través da reflexión colectiva sobre a nosa realidade sociolingüística.
5. Fomentar o gusto polo teatro entre a veciñanza en xeral e entre a mocidade en particular ao tempo que se descubren as potencialidades do teatro e da radio..
6. Aumentar a audiencia e a participación veciñal na emisora de radio municipal, ames radio

Ten como destinatarios directos o alumnado do segundo ciclo da ESO e o de Bacharelato. Como destinatarios indirectos diríxese a toda a cidadanía amesá, que será participe do programa a través da emisión das pezas na radio municipal.

É un programa realizado entre os departamentos de Normalización Lingüística, Mocidade e Comunicación do Concello de Ames coa colaboración dos equipos de normalización e dinamización da lingua galega do IES de Ames do IES do Milladoiro e do Colexio Alca.

No concurso pode participar alumnado do segundo ciclo da ESO ou de Bacharelato en grupos formados por entre 2 e 4 persoas e dirixidos por profesorado do centro. Todas as pezas teatrais presentadas emitíronse na emisora de radio municipal, Ames Radio

Os textos teñen que estar en galego e poden ser de creación propia ou adaptación de textos de autor/a. Nesta edición optouse polo formato de monólogo. A temática é libre, aínda que se valora que estea relacionada con algún tema de actualidade. O tempo estimado de emisión para cada unha das pezas oscila entre os 5 e os 10 minutos.

Todos o alumnado inscrito participou nunha xornada de formación, impartida pola actriz e guionista, Marian Bañobre, da compañía Ibuprofeno Teatro, na que se lle achegaron claves de guionización, locución e interpretación. A montaxe das pezas realizouse na Radio Municipal de Ames. As pezas emitíronse en Ames Radio (FM 107.2) entre o 3 e o 20 de novembro nas

seguintes franxas horarias: das 13.30 h ás 14.30 e das 22.00 h ás 23.00 h (de luns a venres).

No concurso establecéronse varios premios:

- Premio do público: 200 euros.
- Premio ao mellor guión orixinal: 200 euros
- Premio á mellor interpretación: 200 euros

O xurado estivo integrado por actores do Concello de Ames: Patricia de Lorenzo, Pepo López-Suevos e Federico Pérez Rei.

O premio do público, escolleuno a audiencia votando por correo electrónico ou por teléfono entre o 10 me o 20 de novembro

No programa participaron 46 mozos e mozas agrupados en 19 equipos. Nas votacións do premio do público participaron 296 persoas.

A actividade desenvolveuse entre os meses de outubro, novembro e decembro de 2015.

#### **TEMPORIZACIÓN: OUTUBRO-DECEMBRO 2015**

### **CONCURSO DE CARTAS DE NADAL**

Nesta edición a actividade desenvolveuse de xeito coordinado e cooperativo entre os concellos de Santiago de Compostela, Teo e Ames.

Esta actividade realizase en colaboración cos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino e diríxese aos nenos e nenas de 3 a 9 anos. Os obxectivos xerais son os seguintes:

- Prestixiar a lingua galega
- Fomentar o uso da lingua entre os/as máis pequenos/as.
- Favorecer a transmisión interxeracional da lingua.

- Promover a reflexión “sociolingüística” no ámbito escolar e familiar.
- Establecer vías de colaboración cos centros de ensino, nomeadamente cos ENDLG dos colexios de primaria.
- Converter a normalización lingüística nun dos obxectivos transversais da programación de Nadal que se elabora desde o concello.

Todos os nenos e nenas de 3 a 9 anos de Ames reciben no colexio ou poden recoller nos centros socioculturais un comunicado dos Magos do Nadal no que se inicia unha pequena reflexión sociolingüística. Nesta edición os e as participantes tiñan que plasmar nas súas cartas de nadal desexos e ilusións para a lingua. Todos os nenos e nenas participantes recibiron na súas casas unha carta resposta dos magos cun pequeno agasallo. Nesa carta incidíase na importancia que os máis novos teñen no futuro da lingua. O agasallo foron sementes de acivro cons instrucións para que os nenos e as nenas as activaran, as plantaran e as coidaran para convertérense nunha planta máxica e rexa, dado que as plantas igual que as linguas precisan coidados para que perduren.

Participaron no concurso **300 rapaces e rapazas**

O programa, ademais dos destinatarios directos (nenos e nenas), pretende implicar o profesorado e as familias do concello.

Os premios do concurso (lotes de contos, xogos e música en galego) entréganos os Reis Magos o día 5 de xaneiro na recepción que lle ofrecen a todos os nenos e nenas do concello. Así, conséguese que o fomento do galego teña presenza nun acto tan importante para os máis cativos como é a chegada dos Reis Magos ao Concello.

**TEMPORIZACIÓN: NOVIEMBRE-DECEMBRO 2015 / XANEIRO 2015**

**CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES E TEMPORIZACIÓN**

ACTIVIDADES	TEMPORIZACIÓN
Asesoramento lingüístico e sociolingüístico	Todo o ano 2015
Cursos Celga (difusión de convocatorias de cursos e de probas de acreditación)	Todo o ano 2015
Difusión de convocatorias de formación de lingua galega	Todo o ano 2015
Obradoiros de Lingua e Cultura para persoas procedentes de fóra de Galicia. <b>En Galego, co teu acento!</b>	Outubro-décembro 2015
Mes de Rosalía de Castro	Febreiro 2015
Literatura na Praza	Abril 2015
XII Certame Literario Concello de Ames	Maio 2015
Letras Galegas	Maio 2015
Actividades da Rede de Dinamización e da Deputación da Coruña	Todo o ano 2015
Club de Debate	Xaneiro-xuño 2015
Certame artístico-literario intercentros	Febreiro-maio 2015
Desata a lingua! Concurso radiofónico de Teatro Lido	Setembro – decembro 2015
Concurso de Cartas de Nadal	Novembro-décembro 2015/xaneiro 2016

Ames, 25 de maio de 2016

Rosa Moreiras Cuñarro  
Técnica de Normalización Lingüística  
Concello de Ames